


# A FRONTEIRA INFINDA

**GELSO  
EMILIO  
FERREIRO**



*Portada de A fronteira infinda*

## **JOSÉ ÁNGEL GARCÍA LÓPEZ**

Ferrol, 1972

Licenciouse en Filoloxía Hispánica (Sub. Galego-Portugués) na Universidade de Santiago de Compostela e obtivo o grao de Doutor pola Universidade da Coruña. Colaborou en libros,

revistas e congresos sobre temas culturais galegos. O seu labor investigador foi recoñecido coa concesión de premios como o “17 de Maio” da Universidade de Santiago de Compostela, Premio de Ensaio da Universidade de Vigo, Premio de Investigación Xuvenil en Ciencias Sociais e Humanidades da

Deputación de Pontevedra, I Certame Galego de Ensaio da Xunta de Galicia ou o Premio “Centro Ramón Piñeiro” de Ensaio Breve, entre outros. Traballou como Profesor Asociado na Universidade de Murcia e actualmente desenvolve o seu labor docente na Universidade de Alacant.

# CONEXIÓNS ENTRE AS NARRATIVAS EN LINGUAS CASTELÁ E GALEGA

de *Celso Emilio Ferreiro*

JOSÉ ÁNGEL GARCÍA LÓPEZ

*Para Xosé Manuel Salgado*

No presente artigo tentamos rescatar e analizar desde varias perspectivas algunhas prosas en linguas castelá e/ou galega de Celso Emilio Ferreiro que, na súa maioría, viron a luz en diversas publicacións periódicas con anterioridade á edición d'*A fronteira infinda* (1972). Convén subliñar que, a pesar de que boa parte do corpus narrativo do noso autor foi debidamente compilado e de que os estudosos desta parte da obra do intelectual celanovés teñen procurado con acerto nas súas achegas, entre outros aspectos, intertextualidades parciais con varios escritos do propio Celso Emilio (Río Conde, 1999a; Nicolás Rodríguez, 2004) ou ben influencias doutros escritores (Tarrío Varela, 1989; Río Conde, 1999b), carecemos aínda da análise comparativa que ofrecemos hoxe arredor de determinadas páxinas da autoría de Celso Emilio, ben por mor dun posible descoñecemento da súa existencia, ben por renuncia voluntaria a tomalas como obxecto de estudo (Góñez Silva, 2004: 133; Ferreiro, 2005: 23). Velaquí o noso propósito, que desenvolveremos

de xeito conciso para cinguirnos aos límites de extensión impostos.

## **PROSAS ESCRITAS EN PONTEVEDRA (1941-1949)**

De acordo coas declaracións feitas polo propio Celso Emilio, a súa vocación literaria manifestouse de maneira temperá (Fernández Freixanes, 1976: 158). Durante a súa xuventude, un período histórico de efervescencia política, Celso Emilio integrárase na Mocidade Galeguista de Celanova e, máis tarde, na Federación de Mocidades Galeguistas, onde a súa figura adquiriría prestixio polos cargos desempeñados e a súa participación en todo tipo de actividades relacionadas coa difusión da ideoloxía nacionalista (Nicolás Rodríguez, 1995; Salgado, 2003). Así, entre 1932 e 1936 Celso Emilio asina un respectable número de artigos e algúns poemas na prensa galega da época (*Faro de Vigo, Heraldo de Galicia, A Nosa*



C. Emilio cos compañeiros das Mocedades Galeguistas en Celanova. 1936

*Terra, Adiante, Guieiro...*). Porén, non conservamos testemuños especificamente literarios en prosa do escritor pertencentes a aqueles anos, agás algún texto híbrido recadado actualmente a carón da súa obra lírica (Ferreiro, 2004: 728-729).

Tras a paréntese imposta pola Guerra Civil, Celso Emilio traslada a súa residencia a Pontevedra en 1940. Alí oposita e consegue o posto de secretario e, posteriormente, o de xefe de Xustiza na Fiscalía de Taxas. Á marxe do traballo, Celso Emilio participa activamente na vida cultural da cidade a carón doutros intelectuais como Filgueira Valverde, García

Alén, Fernández Villamil, Isidoro Millán ou Agustín Portela, os cales frecuentan os faladoiros que teñen lugar en diferentes cafés: o “Birimbao”, ao cal dedicará o noso autor unha das súas múltiples colaboracións no semanario *Ciudad* (Ferreiro, 1947); o “Carabela”, o “Imperial” ou o “Savoy”, onde se reunían os artistas plásticos ao redor do bohemio Ramón Peña, cuxas iniciativas tiñan continuidade no local de Gráficas Torres (Torres Ferrer, 2004). Baixo ese selo editorial dá a coñecer Celso Emilio o libro de poemas *Al aire de tu vuelo* (1941), mais tamén dese prelo saen ao longo da década varias publicacións periódicas nas que atestamos a sinatura do escritor celanovés ou algún dos seus seudónimos: *Mar*, *Guía Anuario Pontevedra-Marín* (logo *Guía Anuario de Pontevedra*) ou *Finisterre*. Así describía esta última o propio escritor varias décadas despois:

*Tiñamos tamén unha revista que se chamaba Finisterre, unha revista non literaria, senón gráfica; foi a primeira revista que houbo de carácter galego, non galeguista, claro, porque entón era imposible pensar tal cousa, pero, en fin, que se refería a Galiza* (Nicolás Rodríguez, 2009: 24).

Dirixida por Emilio Canda e con Celso Emilio como redactor xefe, *Finisterre*, subtitulada *Revista de Galicia*, editouse con periodicidade mensual entre setembro de 1943 e outubro de 1946, acollendo nas súas páxinas textos de Vicente Risco, Álvaro Cunqueiro, Carro García, Cuña Novás, *Santiago Amaral* (Otero Pedrayo), Filgueira Valverde ou Pura Vázquez, entre outros. Cinguíndonos ás contribucións do intelectual celanovés (asinadas co seu propio nome ou co seudónimo *Celso de Cela*), quen figura como redactor xefe da revista ata xullo de 1945, á parte de achegar prosas en que recrea con

carácter divulgativo sucesos históricos ou literarios, tamén ofrece poemas e mais varios relatos de colleita propia (estes últimos precedidos sempre pola denominación “cuento”). Tocante ás primeiras, cómpre destacar “El Hombre-lobo” (Ferreiro, 1943c) e “Un gallego en la corte de Tamerlán” (Ferreiro, 1944), as cales constitúen as primeiras versións dos textos que, baixo os epígrafes de “El ‘lobis-home’” (23/09/1950) e “Payo Gómez le birló una novia a su rey” (05/10/1950), formarían posteriormente parte da serie “La jaula de los pájaros raros”, publicada no *Faro de Vigo*, onde Celso Emilio colabora con asiduidade a partir de 1949. A existencia destes antecedentes semella descoñecida mesmo para especialistas como Góñez Silva ou Nicolás Rodríguez, posiblemente os maiores eruditos verbo da narrativa de Celso Emilio. Como teñen reflectido en varios traballos ben documentados, hoxe sabemos que o noso escritor planeaba publicar as narracións reunidas na antedita serie nun libro. De feito, nunha nota divulgada polo propio xornal no ano 1953, faciase constatar este extremo, ademais do título de dous libros inéditos de Celso Emilio: a novela *Obscura tierra* e o volume de versos *O vento* ([Anónimo]: 1953). Ende mal, ningunha das tres obras chegou a entrar no prelo, aínda que o diálogo epistolar entre Celso Emilio e Cela confirma definitivamente a existencia dun grupo definido de prosas dispostas para a súa publicación.<sup>1</sup>

Fóra do devandito, os textos de ficción literaria do intelectual celanovés publicados durante a súa estada en terras pontevedresas obtiveron pouca atención por parte da crítica especializada, mesmo que figuren nalgunha bibliografía de consulta básica (Roig Rechou, 1989: 122). Bernardino Graña refírese ambiguamente a catro contos que “poderían facer corpo cos pájaros raros” (Graña, 1989: 10). Nicolás Rodríguez (1992a: 11-12) apuntou a posibilidade de recompilar esas prosas xunto coas aparecidas nas revistas *Sonata Gallega* e *Alba*. Emporiso, dúas décadas despois desa invitación ao traballo, o labor non foi realizado, o que xustifica que prestemos atención



Xesús Carro García visto por Conde Corbal

**Dirixida por Emilio Canda e con Celso Emilio como redactor xefe, *Finisterre*, subtitulada *Revista de Galicia*, editouse con periodicidade mensual entre setembro de 1943 e outubro de 1946, acollendo nas súas páxinas textos de Vicente Risco, Álvaro Cunqueiro, Carro García, Cuña Novás, Santiago Amaral (Otero Pedrayo), Filgueira Valverde ou Pura Vázquez, entre outros.**

a eses relatos no presente artigo, ben que a falta de espazo nos obrigue a prescindir da súa reprodución.

Seguindo unha orde cronolóxica, o primeiro escrito que nos ocupa, “Tú estás muerta” (Ferreiro, 1943a) sae en letra impresa no primeiro número de *Finisterre*. Nel descríbese en primeira persoa unha historia de amor entre o narrador e unha muller chamada Asunción Méndez, quen propón ao seu namorado un pacto de suicidio. Incapaz de cumprilo, o narrador describe a súa fuxida da vila e unha peregrinación chea de remorsos por diversos países

1. Sobre a relación existente entre ambos os intelectuais e a súa implicación noutras empresas de carácter literario, aconsellamos a consulta dos ensaios de Armando Requeixo (2006) e de Olivia Rodríguez González (2010).



ao longo de cinco anos. Porén, cando decide regresar aos seus eidos, atopa a Asunción viva e casada con Evencio, un antigo rival de xuventude. O mesmo encabezamento que presidía ese texto (do cal non nos consta que fose revisado con posterioridade), “Cuento de humor”, é aplicado ao seguinte relato publicado na mesma revista, “Por qué maté a mi tío Olegario” (Ferreiro, 1943b). Nesta ficción literaria escrita en castelán recoñecemos o orixinal que, décadas despois, Celso Emilio verteu en boa medida para o galego a fin de incorporalo baixo o título de “O filántropo” n’A *fronteira infinda* (1972). Ata o día de hoxe ninguén se referiu ao texto de *Finisterre* como materia prima na elaboración de “O filántropo”. No entanto, Nicolás Rodríguez (1992b: 415-416) si prestara atención no seu momento ás colaboracións da autoría do intelectual celanovés no *Faro de Vigo* tituladas “Saint-Cyr de Barbazán” (17/06/1950) e “Joan Carrizo” (03/09/1950), publicadas dentro da sección “Genio y figura”; colaboracións que Góñez Silva identificou correctamente como fontes secundarias das que Celso Emilio botaría man para dar forma a “O filántropo” (Ferreiro, 2003: 20-21). Á marxe dos acontecementos narrados nesas fontes secundarias, existen varias diferenzas entre os relatos en primeira persoa publicados en 1943 e en 1972. As máis salientables son o emprazamento urbano do fogar do narrador, presentado como fillo dun funcionario da administración local, e que na narración de *Finisterre* se indica que a fin última da fortuna do indiano foi financiar unha fundación benéfica patrocinada por el mesmo e que levaría o seu nome, Olegario Gutiérrez de la Gándara. Así mesmo, en “Por qué maté a mi tío Olegario” faise alusión a algúns episodios da infancia do emigrante, lapso temporal ignorado no texto d’A *fronteira infinda*, no cal, á parte de situar a residencia do narrador nun ambiente rural, non son citados os apelidos do tío Olegario, e o destino dos bens acumulados polo indiano sería unha fundación benéfica allea da provincia cubana de Matanzas.

Igual ca nos casos anteriores, a terceira das narracións en castelán publicadas por Celso Emilio en *Finisterre* conta tamén cun encabezamento; neste

caso, “Cuento de guerra”. “Última noticia de Claudio Bulgarín” (Ferreiro, 1943d) é, sen lugar a dúbidas, o antecedente nítido que, con posterioridade, Celso Emilio adaptou en parte á hora de construír o relato “A derradeira noticia de Pánfilo Sobreira”, incluído en 1972 n’A *fronteira infinda* (Ferreiro, 2003: 71-72). Estrañamente, tampouco houbo ningún estudioso que falase deste feito ata a data. No texto de *Finisterre*, o personaxe principal é un sanitario militar destinado nun posto avanzado, do cal descoñecemos tanto a súa localización como as datas en que transcorren os sucesos bélicos narrados en terceira persoa. Tras confesar a un compañeiro a súa adición á morfina, Claudio Bulgarín falece tras expoñerse voluntariamente ao fogo inimigo fóra das trincheiras. En cambio, a narración d’A *fronteira infinda* preséntanos a Pánfilo Sobreira como un emigrante afundido na miseria dunha cidade de ultramar. Ao non poder conseguir unha dose de marihuana coa que aliviar a súa abstinencia, o protagonista suicídase tirándose baixo as rodas dos automóviles que circulan por unha autoestrada próxima á súa choupana.

As páxinas de *Finisterre* aínda acolleron outro “cuento” preludiado por unha cabeceira onde se le a palabra “Guerra”. Trátase de “Diez minutos” (Ferreiro, 1945a), relato autobiográfico que conta a desesperante quenda de garda dunha sentinela en primeira liña, a cal termina por exasperar o narrador ata o punto de ter que recibir asistencia médica posteriormente. En comparación coas contribucións analizadas anteriormente, este texto tivo un eco posterior na revista viguesa *Alba*, como veremos no seu momento. Ademais, coidamos que o relato tamén foi recuperado polo seu autor na versión primixenia d’A *fronteira infinda*, ben que non figure na versión que finalmente saíra do prelo en 1972. Mercé a Xosé Manuel Dasilva (2008a: 149), sabemos que o orixinal mecanografado do libro contiña once contos, tres dos cales (“Non quero morrer”, “O sono [sic] desancorado” e “O alcalde”) foron desbotados pola censura. Nós supoñemos que a narración “Diez minutos” podería ser, cando menos, un alicerce de “Non quero morrer”, algo que aqueles investigadores que consigan acceder á versión

Celso Emilio tamén desempeñou un papel destacado na revista *Sonata Gallega*, dirixida por Ramón Peña. Neste medio observamos textos asinados por Bouza-Brey, Cabanillas, Díaz Castro, Díaz Jácome, *Salvador Lorenzana* (Fernández del Riego), Iglesia Alvariño, Otero Pedrayo ou Xoán Vidal Martínez, entre outros colaboradores. Celso Emilio, baixo o pseudónimo de *Celso de Cela*, ocupa o posto de coordinador das “Selecciones literarias”, ademais de participar con crónicas diversas...

*Fermín Bouza Brey visto por Conde Corbal*



mecanografada da obra que se conserva no expediente correspondente (o cal non é, lamentablemente, o noso caso) poderían comprobar doadamente.

Celso Emilio tamén desempeñou un papel destacado na revista *Sonata Gallega*, dirixida por Ramón Peña, a cal iniciou a súa andaina no inverno de 1944 mantendo nun primeiro momento unha periodicidade de catro números ao ano, coincidindo coas catro estacións, regularidade que se vai quebrar a partir de 1946, para posteriormente saír de xeito irregular ata a súa desaparición en 1952. Neste medio observamos textos asinados por Bouza-Brey, Cabanillas, Díaz Castro, Díaz Jácome, *Salvador Lorenzana* (Fernández del Riego), Iglesia Alvariño, Otero Pedrayo ou Xoán Vidal Martínez, entre outros colaboradores. Celso Emilio, baixo o pseudónimo de *Celso de Cela*, ocupa o posto

de coordinador das “Selecciones literarias”, ademais de participar con crónicas diversas, con versos e co relato “En una escondida fuente” (Ferreiro, 1945b). Esta narración en primeira persoa está ambientada no arrabalde dunha cidade en tempos de guerra e, por mor da súa temática sentimental e por outros detalles ofrecidos no texto (ensino dalgunhas palabras galegas á namorada), non descartamos que a súa concepción estivese influída polas vivencias do propio autor na Guerra Civil durante o noivado con María Luisa Moraima Loredó Fernández, quen había de converterse na súa dona. En puridade, o relato describe o namoramento do narrador dunha muller que recibe o nome de Blanca. Un traslado forzoso a outro sector determina o afastamento dos namorados, que nun par de meses se torna definitivo pola falta de novas sobre a sorte de Blanca, a quen o narrador evoca co-

mo parte do pasado. Este escrito, que non conta con ningunha versión en galego coñecida, foi recuperado de maneira case literal para a revista *Alba*, feito que examinaremos máis adiante.

Polo que fai a outros relatos escritos por Celso Emilio durante esta etapa da súa vida, convén sinalar que o creto como prosista do noso autor aínda cobraría maior importancia no semanario *Ciudad* (1945-1948), onde, de acordo co exposto por Nicolás Rodríguez, escribiu “abondosas e ocorrentes prosas [...], moitas delas sen asinar e outras baixo pseudónimo” (Nicolás Rodríguez et alii, 2008: 40). Neste sentido, debemos manifestar que non fomos quen de consultar máis ca algúns números soltos do medio referido, no cal publicou Celso Emilio algún poema escasamente coñecido (Villar, 1997), mesmo que contase cunha versión posterior (García López, 2004). Con todo, á marxe dalgunhas prosas certamente interesantes, na nosa procura, forzosamente parcial, non atopamos textos de ficción literaria que engadir á colleita que ofrecemos hoxe. Porén, temos noticia de que un conto en castelán da autoría de Celso Emilio titulado “Meigallo” resultou galardoado no concurso organizado para conmemorar as Festas da Peregrina en 1948 (Sesto López, 1989: 43). Ata onde nós sabemos, o contido dese conto non foi divulgado, aínda que sospeitamos que foi conservado no arquivo persoal do autor e reelaborado en relación coa narración “As raigames no aire”, relato dotado dunha estrutura de complementación integrada que se encontra n’*A fronteira infinda*. Estamos convencidos de que “As raigames...”, a carón de varios treitos tirados das narracións “El fumador” (*Faro de Vigo*, 04/11/1950) e “La última choromica” (*Faro de Vigo*, 15/10/1949), particularidades oportunamente apuntadas por Góñez Silva (Ferreiro, 2003: 21) e por Nicolás Rodríguez (2004: 129), tería en “Meigallo” o precedente da historia contada en retrospectiva dentro da narración principal, é dicir, as orixes de Silveira e mais o crime da súa nai. Así pois, o segmento narrativo principal (narración en presente), que nos amosa un Silveira-Silverio xa home, sería para nós o derradeiro compoñente engadido por Celso Emilio para dar forma ao relato que figura n’*A fronteira infinda*.


## PROSAS ESCRITAS EN VIGO (1950-1961)

En setembro de 1950 Celso Emilio establécese en Vigo, cidade en que exercerá a profesión de procurador dos tribunais. O noso autor alterna o uso das linguas galega e castelá no proceso creativo, como demostra a presenza da súa sinatura en publicacións como *Faro de Vigo*, *Mensajes de poesía*, *Litoral*, *Alba*... Tocante á creación en prosa de Celso Emilio nesta década, coñecemos algúns textos de ficción literaria como “O teósofo” (*Sonata Gallega*, suplemento extraordinario, 1952), rescatado do esquecemento por Nicolás Rodríguez (1992a: 131-133). Emporiso, semella que ninguén reparou ata o momento en que existe unha versión en castelán dese relato que aparecera co título de “El espiritista” nas páxinas de *Alba* (Ferreiro, 1950), revista en cuxo consello de redacción figuraba o escritor celanovés. Nese mesmo medio daría a coñecer Celso Emilio a narración “La huella” (Ferreiro, 1952), que non foi recompilada aínda en ningún dos volumes que os estudosos da obra do noso autor deron a coñecer de maneira póstuma a pesar da súa evidente calidade. A narración referida presenta unha historia principal que sitúa a Tonsal, un ex-combatente, na oficina dun prestamista chamado Francisco Nicolau. Mentres agarda que saia unha empregada que está reunida con Nicolau para entrar no despacho deste último, Tonsal conversa brevemente con outra secretaria. A través do diálogo e xunto coas adicións fornecidas por un narrador omnisciente en terceira persoa, o lector é informado das intencións de Tonsal: pescudar se Blanca, un amor de xuventude, foi secuestrada e talvez asasinada por Nicolau cinco anos antes, durante a guerra. Esta narración conta con dúas digresións temporais que remiten ao pasado e que permiten coñecer tanto o inicio da relación de Tonsal con Blanca durante o conflito como o episodio de loucura que asalta a Tonsal nun posto de garda tras recibir unha carta de Blanca, o que parece preludiar o seu internamento nun hospital psiquiátrico, onde permanecería ata a fin da guerra. Finalmente, a narración retoma o tempo presente para revelarnos o estupor de Tonsal ante o rostro da empregada que abandona o despacho de Nicolau. O relato conclúe co abandono da oficina por parte de Tonsal sen sequera entrevistarse con Nicolau.

Por mor do noso coñecemento directo da produción narrativa en castelán de Celso Emilio enumerada máis arriba, hoxe estamos en condicións de revelar a ignorada complexidade estrutural de “La huella”. En realidade, esta narración está composta por tres segmentos; deles, só a historia principal (narración en tempo presente) foi creada *ex nihilo* e posiblemente nunha marxe temporal próxima á data de publicación. Na primeira das digresións, que conta a relación de Tonsal con Blanca no pasado, detectamos un caso de intertextualidade coa propia obra do autor, pois a dita digresión é inequivocamente unha recreación do relato

de 1945 “En una escondida fuente”, que presenta como novidades un narrador en terceira persoa e mais o personaxe de Tonsal, amais da supresión das palabras en galego que pronunciaba a personaxe de Blanca na versión incluída en *Sonata Gallega*. Tocante á última fonte do texto de 1952, que se correspondería coa digresión que narra o ataque de loucura que sofre Tonsal, identificámola claramente co texto publicado en *Finisterre* “Diez minutos”, que nas páxinas de *Alba* non presenta cambios notables agás un pequeno fragmento que Celso Emilio sitúa inmediatamente antes dos parágrafos tirados da versión de 1945 e que pon de relevo a conxunción aciaga da recepción da carta de Blanca e a orde expresa de facer garda ese día no “puesto de los suicidas” recibida por Tonsal.

A coexistencia de textos como “O teósofo” e mais “El espiritista” non constitúe un caso illado de autotradución na obra de Celso Emilio, pois hai outros escritos durante esa década, na súa maioría líricos, que viron a luz en ambas as linguas (“Después” / “Dempóis”, “Mujer” / “Muller”, “Primavera” / “Primavera inútil”, “El viento” / “O vento”, “Belén”, / “Belén, ano ce-ro”...). Noutros casos, foi divulgada unicamente unha das versións, tal como aconteceu co relato “El soñador” (*Faro de Vigo*, 17/IX/1961), texto cuxo correlato en galego (non sabemos se é o orixinal ou froito



da autotradución), “O sono desancorado”, foi conservado na Fundación Celso Emilio Ferreiro e exhumado hai poucos anos (Ferreiro, 2006: 24-28). Este último escrito apenas presenta variacións significativas respecto de “El soñador”, fóra da galeguización do antropónimo do protagonista (Blas pasa a Brais na versión divulgada en 2006). Porén, a diferenza do esquecemento en que caeron outros escritos citados, Celso Emilio si tivo moi presentes estes textos de 1961 á hora de articular *A fronteira infinda*. Fixemos referencia anteriormente ao orixinal mecanografiado desa obra, sometido ao exame da censura, e aos títulos dos contos que foron eliminados antes de que fose aprobada a súa entrada no prelo. Entre eles figuraba un titulado “O sono [sic] desancorado”, que relacionamos con “O sono desancorado”, ben que con certas prevención que explicaremos no apartado seguinte.

Fóra do devandito, tórnase obvio que as crónicas xornalísticas e, sobre todo, o recoñecemento obtido pola creación lírica foron relegando a un segundo plano a produción prosística de ficción por parte do noso escritor. Tras o éxito acadado coa edición de libros como *O sono sulagado* (logo mudado en *O sono sulagado*) e *Voz y voto*, a publicación de *Longa noite de pedra* vai consolidar a Celso Emilio na vangarda

2. Convén sinalar que a versión en galego do primeiro deles, “O alcalde”, sería incorporada nas sucesivas edicións d’*A fronteira infinda* a partir da súa inclusión no terceiro volume da *Obra completa* do escritor celanovés publicado pola editorial Akal na colección Arealonga baixo a supervisión de Xesús Alonso Montero (Ferreiro, 1981b).



das letras galegas. Asistimos, pois, a unha paréntese moi marcada na divulgación (e, probablemente, na elaboración) de prosas literarias por parte do escritor celanovés.

### **PROSAS ESCRITAS EN CARACAS E NA TERRA (1966-1979)**

Nunha sorte de autoexilio, Celso Emilio marcha a terras venezolanas, onde entre 1966 e 1973 desenvolverá diversas actividades culturais e políticas que o enfrontarán co sector máis reaccionario da colectividade galega residente naquel país. Froitos desa etapa son libros de poemas como *Viaxe ao País dos Ananos* ou *Cantigas de escarneo e maldecir*. Polo que se refire á súa actividade como prosista, sabemos que o escritor foi distinguido co primeiro premio nos I Jogos Florais Minho-Galaicos de Guimarães en 1970 cun relato titulado “O sangue chegou ao río”. Á marxe do galardón recibido nese certame literario, o dito relato sería, presumiblemente, un antecedente daquel que, baixo o título de “Sangue no río”, forma parte de *A fronteira infinda*. Así mesmo, foi anunciada a publicación por parte de Edicións Castrelos en 1971 dunha novela de Celso Emilio que levaría por título *Os fillos de Sísifo*, segundo consta na antoloxía *Poetas gallegos de postguerra* (Losada, 1971: 49). Aínda que a dita novela non chegou a saír do prelo, a editorial citada sería a mesma en que, un ano despois, aparecería *A fronteira infinda*. Cómpre apuntar que o limiar que abre o volume de 1972 pon en relación o tema mitolóxico de Sísifo co destino da humanidade, feito que conecta ambos os orixinais.

*A fronteira infinda* contou co beneplácito do lectorado e da crítica, referendado por unha versión ao castelán realizada polo escritor celanovés contra 1975, de acordo coas súas declaracións (Nicolás Rodríguez, 2009: 162), a cal saíría á rúa de maneira póstuma coa denominación de *El alcalde y otros cuentos* (Ferreiro, 1981a). Nese volume dábanse a coñecer os relatos “El alcalde” e “El tímido”, ausentes das edicións en galego feitas en vida do seu autor.<sup>2</sup> Co gallo dunha nova edición desa autotradución ao castelán co título de *La frontera infinita* (Ferreiro,

2007), Xosé Manuel Dasilva dedicoulle unha recensión onde incidía especialmente na maneira en que Celso Emilio acometera a tradución dos seus propios relatos, sen gardar fidelidade estrita ao texto de partida, o que daría lugar á coexistencia de dúas creacións artísticas: o texto orixinal e o texto autotraducido (Dasilva, 2008b: 84). Nós acreditamos no xuízo de Dasilva e desexamos ir máis aló, pois quereríamos ofrecer algún dato de interese respecto de “El tímido” e, ademais, suscitar algunha comprobación. Ninguén pareceu reparar en que o argumento dese relato coincide en liñas xerais co de “El soñador” (*Faro de Vigo*, 17/IX/1961) e tamén co de “O soño desancorado” (exhumado no 2006), inda que albisquemos algunhas diferenzas rechamantes no texto de 1981, onde, á parte de mudar o nome do personaxe principal, Celso cualifica o personaxe con certa sordidez. En principio, sería plausible valorar un proceso de reescritura; non obstante, nós cremos que o antecedente directo de “El tímido” non sería ningún dos textos escritos en 1961, senón unha autotradución a partir do texto “O sono [sic] desancorado”, concibido como parte do orixinal mecanografado de *A fronteira infinda* que foi sometido ao exame da censura en 1971. Posto que nós non podemos verificar a nosa hipótese debido á falta de acceso ao expediente xa citado, valoraríamos moi positivamente que alguén consultase o antedito orixinal mecanografado para comprobar se levamos razón neste asunto.

### **CABO**

Ningún estudoso da obra de Celso Emilio pode dudar das conexións de certa entidade que posúen os corpus narrativos en linguas castelá e galega deste autor, mesmo que algunhas non fosen apropiadamente difundidas por diversas razóns. Así mesmo, no presente artigo procuramos botar luz sobre unha mostra representativa de textos non demasiado coñecidos, co desexo de que se leven a cabo durante o centenario do nacemento do escritor outro tipo de iniciativas institucionais ou particulares que contribúan á divulgación e á análise preceptivas daqueles escritos do noso autor que permanecen esquecidos ou aínda inéditos.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- [Anónimo] (1953): "Noticia del autor", *Faro de Vigo*, 29-IV, pp. 88-89.
- DASILVA, Xosé Manuel (2008a): "A censura franquista e Xosé M<sup>o</sup> Álvarez Blázquez", en Tarrío Varela, Anxo (coord.), *Xosé María Álvarez Blázquez: Día das Letras Galegas 2008*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 125-158.
- DASILVA, Xosé Manuel (2008b): "Tradución ou novo orixinal?", *Grial*, 177, pp. 83-84.
- FERNÁNDEZ FREIXANES, Víctor (1976): *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia.
- FERREIRO, Celso Emilio (1943a): "Tú estás muerta", *Finisterre*, 1, setembro, pp. 7-8 e 26.
- FERREIRO, Celso Emilio (1943b): "Por qué maté a mi tío Olegario", *Finisterre*, 3, novembro, pp. 23-24 e 34.
- FERREIRO, Celso Emilio (1943c): "El Hombre-lobo", *Finisterre*, 4, decembro, pp. 7-8.
- FERREIRO, Celso Emilio (1943d): "Última noticia de Claudio Bulgarín", *Finisterre*, 4, decembro, pp. 25-26.
- FERREIRO, Celso Emilio (1944): "Un gallego en la corte de Tamerlán", *Finisterre*, 6, febreiro, pp. 8-9.
- FERREIRO, Celso Emilio (1945a): "Diez minutos", *Finisterre*, 17, xaneiro, pp. 27-28.
- FERREIRO, Celso Emilio (1945b): "En una escondida fuente", *Sonata Gallega*, 3, estío, pp. 25-26.
- FERREIRO, Celso Emilio (1947): "Birimbao", *Ciudad*, 70, 26-V, p. 1.
- FERREIRO, Celso Emilio (1950): "El espiritista", *Alba*, 4, s.p.
- FERREIRO, Celso Emilio (1952): "La huella", *Alba*, 9, s.p.
- FERREIRO, Celso Emilio (1981a): *El alcalde y otros cuentos*, Madrid, Júcar.
- FERREIRO, Celso Emilio (1981b): *Obra completa*. 3, ed. de Xesús Alonso Montero, Madrid, Akal.
- FERREIRO, Celso Emilio (2003): *Obra narrativa*, ed. de Mónica Góñez Silva, Vigo, Xerais, 2003.
- FERREIRO, Celso Emilio (2004): *Poesía galega completa*, ed. de Ramón Nicolás Rodríguez, Vigo, Xerais.
- FERREIRO, Celso Emilio (2005): *Semblanzas, crónicas e artigos*, ed. de Ramón Nicolás Rodríguez, Vigo, Xerais.
- FERREIRO, Celso Emilio (2006): "O sonho desancorado", *Arraianos*. VI: *Celso Emilio fai 95 anos*, pp. 24-28.
- FERREIRO, Celso Emilio (2007): *La frontera infinita*, Vigo, Factoría K.
- GARCÍA LÓPEZ, José Ángel (2004): "Notas a unha versión descoñecida do poema 'Rogo a Yavé', de Celso Emilio Ferreiro", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, 139, pp. 43-48.
- GÓÑEZ SILVA, Mónica (2004): "Biografía e bibliografía de Celso Emilio na súa obra narrativa en galego", en Ferreiro, Charo e Inmaculada Pena (coords.), *Xornadas sobre Celso Emilio Ferreiro*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pp. 133-144.
- GRAÑA, Bernardino (1989): "Con Celso e outros nos anos 50 (e un poema case inédito)", en Carballa, Xan et al. (coords.), *Celso Emilio Ferreiro. Común temos a patria*, Col. A Nosa Cultura, 11, Vigo, A Nosa Terra, pp. 8-10.
- LOSADA, Basilio (1971): *Poetas gallegos de posguerra*, Barcelona, Ocnos.
- NICOLÁS RODRÍGUEZ, Ramón (1992a): O sonho sulagado de *Celso Emilio Ferreiro*. *Guía de lectura*, Vilaboa-Pontevedra, Edicións do Cumio.
- NICOLÁS RODRÍGUEZ, Ramón (1992b): "Consideracións críticas sobre Celso Emilio Ferreiro articulista. As súas colaboracións en *El Faro de Vigo: 1950-1956*", en Álvarez, Rosario (coord.), *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, vol. 1, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 397-470.
- NICOLÁS RODRÍGUEZ, Ramón (1995): "Poesía e política no primeiro Celso Emilio Ferreiro (1933-1935)", *Boletín Galego de Literatura*, 13, pp. 97-104.
- NICOLÁS RODRÍGUEZ, Ramón (2004): "Unha cala nos medios impresos: presenza en *Faro de Vigo*", en Ferreiro, Charo e Inmaculada Pena (coords.), *Xornadas sobre Celso Emilio Ferreiro*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pp. 125-132.
- NICOLÁS RODRÍGUEZ, Ramón (2009): *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, Vigo, Xerais.
- NICOLÁS RODRÍGUEZ, Ramón e Carlos Díaz (2008): "Fotobiografía", en Nicolás Rodríguez, Ramón et al., *Celso Emilio Ferreiro. Biografía sonora*, Sarria-Lugo, Ouvirmos S.L., pp. 13-143.
- REQUEIXO, Armando (2006): "Celso Emilio e a colección poética *Juan Rodríguez del Padrón*", *Arraianos*. VI: *Celso Emilio fai 95 anos*, pp. 91-105.
- RÍO CONDE, Elisa (1999a): "A visión do exiliado en *A fronteira infinda* de Celso Emilio Ferreiro", en Axeitos, Xosé Luis e Charo Portela Yáñez (eds.), *Sesenta anos despois: os escritores do exilio republicano. Actas do Congreso Internacional (Universidade de Santiago de Compostela, 16-18 de marzo de 1999)*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, pp. 55-65.
- RÍO CONDE, Elisa (1999b): "Analoxías entre *El señor presidente* de Miguel Angel Asturias e "A caza de bruxas" (*A fronteira infinda*) de Celso Emilio Ferreiro", en Álvarez, Rosario e Dolores Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, vol. 2, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pp. 1275-1284.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia (2010): "A poesía galega na revista española *Papeles de Sor Armadans* (1956-1979), de Camilo José Cela", en Lafarga, Francisco et al. (coords.), *Interacciones entre las literaturas ibéricas*, Bern, Peter Lang, pp. 451-462.
- ROIG RECHOU, Blanca Ana (1989): "Bio-bibliografía de Celso Emilio Ferreiro Míguez", *Boletín Galego de Literatura*. *Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro*, 1, pp. 113-128.
- SALGADO, Xosé Manuel (2003): "Idiotas e vividores. Sobre un texto de Celso Emilio Ferreiro", *A Trabe de Ouro*, 54, pp. 241-245.
- SESTO LÓPEZ, Xosé (1989): "Autobiografía con Celso Emilio", en Carballa, Xan et alii (coords.), *Celso Emilio Ferreiro. Común temos a patria*, Col. A Nosa Cultura, 11, Vigo, A Nosa Terra, pp. 42-48.
- TARRÍO VARELA, ANXO (1989): "Narrativa de Celso Emilio", en Méndez Ferrín, Xosé Luís et alii, *Celso Emilio (1912-1979). Unha fotobiografía*, Vigo, Xerais, s.p.
- TORRES FERRER, Sabino (2004): "Mesa redonda. A experiencia editorial", en Ferreiro, Charo e Inmaculada Pena (coords.), *Xornadas sobre Celso Emilio Ferreiro*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pp. 31-36.
- VILLAR, Miro (1997): "Literatura galega na década da posguerra (1939-1949). 'Rogo a Yavé', un poema en galego non recompilado de Celso Emilio Ferreiro", *Boletín Galego de Literatura*, 17, pp. 131-135.